

C.2

Avaliación

A avaliación non é una ciencia exacta



Nin moito menos

Docimología

Matemáticas.....	13
Física.....	16
Francés.....	78
Filosofía.....	128

Laugier, H e Weinberg, D (1938) *Recherche sur la solidarité et l'interdépendance des aptitudes intellectuelles d'après les notes des examens écrits du baccalauréat*. Paris, Chatennay

UNHA AVALIACÓN DIFERENTE

1ª *Avaliación de dominio* fronte a *avaliación de aproveitamento*

APROVEITAMENTO

Avaliacións do colexio

Parciais da universidade

Probas xerais de aptitude
ao remate dun curso

DOMINIO

Probas de Selectividade

Exames de oposición

Exame de conducir

UNHA AVALIACIÓN DIFERENTE

1ª *Avaliación de dominio* frente a *avaliación de aproveitamento*

2ª *Avaliación de actuación* frente a *avaliación de coñecementos*

COÑECEMENTOS

ACTUACIÓN

Responde preguntas

Realiza unha *performance*

Artificial

Natural

Obxectiva

Subxectiva

UNHA AVALIACIÓN DIFERENTE

1ª *Avaliación de dominio* fronte a *avaliación de aproveitamento*

2ª *Avaliación de actuación* fronte a *avaliación de coñecementos*

3ª *Avaliación subxectiva* fronte a *avaliación obxectiva*

(Inicial) Busque a intrusa

- Moucho
- Curuxa
- Bufo
- Búho

(Medio) Cal dos seguintes substantivos significa conxunto de peixes?

- Cardume
- Arume
- Enxame
- Manada

(Avanzado) Na frase: *Tanto che me ten*. O pronome átono *che* funciona sintacticamente como

- Obxecto indirecto
- Obxecto directo
- Suxeito
- É dativo de solidariedade, polo tanto, non ten función sintáctica

OBXECTIVA

Practícase nas traducións

Indirecta

Realmente o “obxectivo”
non é a proba, senón a
puntuación

SUBXECTIVA

Practícase nestas probas

Directa

A proba puntúase
segundo un xuízo ou
valoración

Avaliación da proba escrita

Que se avalía nas probas escritas?

Cinco parámetros

Adecuación á
tarefa

Avalíase se a actividade proposta se resolve, isto é, se o candidato cumpre coa extensión requirida e trata todos os puntos esixidos na tarefa

Adecuación do
discurso

Avalíase que o formato textual sexa adecuado e se axuste á finalidade do acto comunicativo cun rexistro axeitado

Cohesión e
coherencia

Avalíase que se presente a información e as ideas de forma clara e organizada, cos parágrafos e oracións ben enlazados e cun emprego correcto e variado dos conectores. Tamén que se usen adecuadamente os signos de puntuación

Gramática

Avalíase a corrección a nivel morfolóxico, sintáctico e ortográfico

Léxico


Avalíase a variedade das estruturas empregadas, a corrección do vocabulario, a súa precisión e a riqueza léxica

Como se avalía?

Úsase unha grella na que cada un deses cinco parámetros está graduado en catro niveis

Emprégase unha grella específica para cada nivel Celga

Adecuación á tarefa	Adecuación do discurso	Cohesión e coherencia	Gramática	Léxico
4	4	4	4	4
3	3	3	3	3
2	2	2	2	2
1	1	1	1	1



Adecuación

Avalíase que o texto producido corresponda ao que se solicita, tanto dende o punto de vista das tarefas solicitadas como dende o punto de vista do rexistro empregado e o seu contexto.

Trazos que se deben avaliar:

- Resolución das tarefas
- Tipoloxía textual
- Rexistro
- Pertinencia da información solicitada
- Extensión

Coherencia e cohesión

No tocante á coherencia avalíase que a estrutura do texto producido sexa correcta. No que respecta á cohesión débense ter en conta as relacións particulares entre os diversos elementos lingüísticos.

Trazos que se deben avaliar:

- Estrutura textual
- División en parágrafos relacionada coa presentación organizada das ideas
- Procedementos léxicos e gramaticais
- Conectores e marcadores
- Signos de puntuación

Gramática

Avalíase o coñecemento dos recursos gramaticais da lingua e a capacidade de empregalos.

Trazos que se deben avaliar:

- Elementos: morfemas, alomorfos, raíces e afixos...
- Categorías: xénero, número, voz, tempo, aspecto...
- Clases: conxugacións, substantivos, adxectivos, verbos, adverbios...
- Estruturas: palabras compostas, sintagmas, oracións...
- Procesos: substantivación, gradación, afixación...
- Relacións: concordancias
- Correcta ortografía das palabras, incluíndo maiúsculas e minúsculas.

Léxico

Avalíase a amplitude das unidades léxicas empregadas e tamén o seu dominio.

Trazos que se deben avaliar:

- Amplitude ou riqueza
- Variedade
- Corrección
- Precisión
- Adaptación dos recursos léxicos ao discurso

Requisitos para reducir a subxectividade das probas

- Que exista unha clara especificación do contido da avaliación



COUNCIL OF EUROPE
CONSEIL DE L'EUROPE

Consello de Europa
Departamento de
Política Lingüística
Estrasburgo

marco europeo común de referencia para as linguas: **aprendizaxe, ensino, avaliación**

XUNTA DE GALICIA



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Niveis de competencia en lingua galega

Descrición de habilidades e de contidos adaptados
ao *Marco europeo común de referencia para as linguas*

XUNTA DE GALICIA

Requisitos para reducir a subxectividade das probas

- Que exista unha clara especificación do contido da avaliación
- Que se adopten procedementos normalizados respecto á forma de realizar as avaliacións

O exame idóneo

Proba escrita { Calquera destreza + expresión escrita

Proba oral { Calquera destreza + expresión oral

Requisitos para reducir a subxectividade das probas

- Que exista unha clara especificación do contido da avaliación
- Que se adopten procedementos normalizados respecto á forma de realizar as avaliacións
- Que existan claves e criterios ben definidos de puntuación

CRITERIOS DE CORRECCIÓN E AVALIACIÓN DA EXPRESIÓN ESCRITA NO CELGA 4

Escalas	ADECUACIÓN	COHESIÓN E COHERENCIA	GRAMÁTICA	LÉXICO
4	Resolve con éxito a actividade proposta. Cumpre coa extensión requirida e trata todos os puntos esixidos na tarefa cunha información pertinente. Presenta un formato textual e un rexistro adecuados.	Presenta a información e as ideas de forma moi clara e organizada, cos parágrafos e oracións ben enlazados e cun emprego correcto, variado e amplo dos conectores, usando adecuadamente os signos de puntuación.	Non presenta erros morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos.	Emprega estruturas moi variadas, ademais dun vocabulario correcto, preciso e con ampla gama léxica.
3	Resolve a actividade en termos xerais. Cumpre en boa medida coa extensión requirida e trata polo menos o 75 % dos puntos esixidos na tarefa, cunha información adecuada. Presenta un formato textual adecuado, con apenas vacilacións na escolla do rexistro.	Presenta a información organizada, con problemas mínimos de coherencia que non afectan a comunicación. Fai un emprego correcto e variado dos conectores e presenta alteracións mínimas nos signos de puntuación.	Exprésase con corrección e presenta escasos erros morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos de escasa entidade, que non indican un descoñecemento da norma.	Presenta estruturas variadas cun vocabulario preciso e con amplitude léxica, aínda que apareza, esporadicamente, algunha incorrección de escasa entidade.
2	Presenta unha extensión inferior ou manifestamente superior á requirida ou non acada o 75 % dos puntos esixidos na tarefa. A información é inexacta ou insuficiente. O formato textual é inadecuado e presenta vacilacións no emprego do rexistro.	Presenta a información pouco clara e mal distribuída, con problemas de coherencia, aínda que non afecten a comprensión do texto e un emprego erróneo ou reiterado dos conectores, aínda que non sexa frecuente. Emprega de forma inadecuada os signos de puntuación.	Presenta erros morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos, que, aínda que non sexan frecuentes, reflicten un descoñecemento da norma.	Emprega un vocabulario pouco variado ou impreciso. Presenta incorreccións, aínda que non sexan frecuentes.
1	Presenta unha extensión inferior ou manifestamente superior á requirida e trata menos do 50 % dos puntos esixidos na tarefa, cunha información inexacta ou insuficiente. O formato textual é inadecuado e non se axusta ao acto comunicativo, con imperfeccións na escolla do rexistro.	Presenta a información confusa, incoherente e mal distribuída, cun emprego inadecuado dos conectores e dos signos de puntuación. Pode ser necesario revisar varias partes do texto para a súa comprensión.	Presenta erros morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos continuados e que, ocasionalmente, poden dificultar a comprensión.	Presenta un vocabulario repetitivo, incorrecto e impreciso que, ocasionalmente, pode dificultar a comprensión.

Requisitos para reducir a subxectividade das probas

- Que exista unha clara especificación do contido da avaliación
- Que se adopten procedementos normalizados respecto á forma de realizar as avaliacións
- Que existan claves e criterios ben definidos de puntuación
- Que existan múltiples valoracións e que se ponderen distintos factores

Que se avalía nas probas escritas?

Cinco parámetros

Adecuación á
tarefa

Avalíase se a actividade proposta se resolve, isto é, se o candidato cumpre coa extensión requirida e trata todos os puntos esixidos na tarefa

Adecuación do
discurso

Avalíase que o formato textual sexa adecuado e se axuste á finalidade do acto comunicativo cun rexistro axeitado

Cohesión e
coherencia

Avalíase que se presente a información e as ideas de forma clara e organizada, cos parágrafos e oracións ben enlazados e cun emprego correcto e variado dos conectores. Tamén que se usen adecuadamente os signos de puntuación

Gramática

Avalíase a corrección a nivel morfolóxico, sintáctico e ortográfico

Léxico


Avalíase a variedade das estruturas empregadas, a corrección do vocabulario, a súa precisión e a riqueza léxica

Requisitos para reducir a subxectividade das probas

- Que exista unha clara especificación do contido da avaliación
- Que se adopten procedementos normalizados respecto á forma de realizar as avaliacións
- Que existan claves e criterios ben definidos de puntuación
- Que existan múltiples valoracións e que se ponderen distintos factores
- Que haxa unha formación adecuada en relación coa avaliación

Avaliación da proba oral

Inmediatez



Que se avalía nas probas orais?

Seis parámetros

Adecuación

Avalíase se a actividade proposta se resolve e se se adapta á finalidade do acto comunicativo e ao contexto. Tamén que o rexistro e o contido sexan adecuados e pertinentes

Interacción

Avalíase o emprego das estratexias de colaboración co interlocutor e o uso adecuado das quendas de palabra en todas as situacións

Cohesión e fluidez

Avalíase que presente a información e as ideas de forma clara e organizada, con fluidez e ritmo natural

Pronuncia e entoación

Avalíase que sexan correctas a pronuncia e a fonoloxía galega. Tamén o emprego da entoación

Gramática

Avalíase a corrección a nivel morfolóxico, sintáctico e ortográfico

Léxico

Avalíase a variedade das estruturas empregadas, a corrección do vocabulario, a súa precisión e a riqueza léxica

Como se avalía?

Úsase unha grella na que cada un deses seis parámetros está graduado en catro niveis

Emprégase unha grella específica para cada nivel Celga

Adecuación	Interacción	Cohesión e fluidez	Pronuncia e entoación	Gramática	Léxico
4	4	4	4	4	4
3	3	3	3	3	3
2	2	2	2	2	2
1	1	1	1	1	1

Adecuación

Avalíase que o texto producido corresponda ao que se solicita, tanto dende o punto de vista das tarefas solicitadas como dende o punto de vista do rexistro empregado e o seu contexto.

Trazos que se deben avaliar:

- Resolución das tarefas
- Rexistro adecuado
- Pertinencia da información solicitada
- Producción de enunciado abondo para ser avaliado
- Xestión do tempo de xeito ordenado

Interacción

Avalíase que o candidato colabore co interlocutor e manteña o diálogo nas partes da proba que o requiran.

Trazos que se deben avaliar:

- Iniciar, manter, rematar o discurso
- Intercambiar, confirmar, solicitar información
- Mostrar interese polo dito e solicitar aclaracións
- Tomar e ceder a quenda de palabra
- Establecer un enfoque nunha conversa de opinións dispares
- Recapitular e resumir o dito

Cohesión e fluidez

No tocante á coherencia avalíase que a estrutura do texto producido sexa correcta. No que respecta á cohesión débense ter en conta as relacións particulares entre os diversos elementos lingüísticos.

Trazos que se deben avaliar:

- Claridade na expresión
- Soltura e velocidade no discurso, xestión das pausas
- Organización do discurso

Pronuncia e entoación

Avalíase a articulación dos sons e o conxunto de unidades de natureza melódica con valor distintivo.

Trazos que se deben avaliar:

- Acento, intensidade
- Modulacion
- Entoación das distintas unidades oracionais
- Intelixibilidade da pronuncia
- Dominio fonolóxico

Gramática

Avalíase o coñecemento dos recursos gramaticais da lingua e a capacidade de empregalos.

Trazos que se deben avaliar:

- Elementos: morfemas, alomorfos, raíces e afixos...
- Categorías: xénero, número, voz, tempo, aspecto...
- Clases: conxugacións, substantivos, adxectivos, verbos, adverbios...
- Estruturas: palabras compostas, sintagmas, oracións...
- Procesos: substantivación, gradación, afixación...
- Relacións: concordancias
- Correcta ortografía das palabras, incluíndo maiúsculas e minúsculas.

Léxico

Avalíase a amplitude das unidades léxicas empregadas e tamén o seu dominio.

Trazos que se deben avaliar:

- Amplitude ou riqueza
- Variedade
- Corrección
- Precisión
- Adaptación dos recursos léxicos ao discurso

Criterios parassitos da fidelidade

O efecto de fatiga

As condicións de corrección inflúen no criterio do avaliador. Tendemos a ser máis equitativos pola mañá cedo sentados nunha mesa de traballo, que a última hora, lendo os exames nun autobús.

O efecto de contraste

Un exame de calidade media parecerá malo se o corriximos despois dunha produción excelente. Pero se o precedente foi mediocre, seguramente puntuariamos a este moito mellor.

O efecto de favoritismo (non se aplica aos Celga)

O favorito soe ser aquel que lle envía ao profesor unha imaxe gratificante del mesmo. Como vai levar mala nota....!

O efecto de orde

En xeral tendemos a ser máis esixentes ao final dunha serie de exames (ou ao final dunha sesión de corrección ou avaliación) que ao comezo.

O efecto de estereotipo

Unha vez que lle damos unha nota a un alumno, somos moi resistentes a cambiar de opinión. Olo coa idea inicial que nos facemos na proba oral do propio candidato antes de que empece a falar.

O efecto de contaminación

Os exames contaminánanse dos “expedientes” escolares. Un exame medio corrixido na crenza de que provén dun mal alumno será infravalorado. E ao contrario, se a procedencia se supón dun alumno brillante, será sobrevalorado.

O efecto de halo

Sobre todo en probas orais. Un aspirante simpático, amistoso e positivo será mellor cualificado ca outro introvertido e que mostre pouca confianza en si mesmo. E no escrito un exame lexible e ben presentado, pero malo, fará mellor impresión ca un traballo bo, pero mal presentado.

Ou un exame moi bo en gramática, tenderá a parecer melor en adecuación, e viceversa.

O efecto “choque”

O mesmo erro en tres frases e o alumno suspende (choque negativo). E só se trata dun único erro. Unha soa idea xenial nun só traballo e o alumno aproba (choque positivo).

O efecto “gota de auga”

Corriximos un exame, que non é bo, con paciencia, tolerando a letra case ilexible, as faltas de ortografía, a puntuación caótica, pero de súpeto un b en lugar dun v fai que decidamos un non apto.

A avaliación externa

Só se fala dela en voz baixa, pero existe. Algúns suspenden moito para facer ver que son rigorosos ou esixentes ou que saben moito... Outros non suspenden case, consonte a súa imaxe de bondadosos...



Manuel Núñez Singala